

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de Escenografía / Deseño de Escenografía
DISCIPLINA	Obradoiro de Escenografía III
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	10 (2+8)
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	David Mortol Moreno
DOCENTES	Nome e apelidos: David Mortol Moreno Horario titorías: Despacho: Departamento de Escenografía Contacto: davidmortol@edu.xunta.gal
	Nome e apelidos: Ana María Fernández Arteaga Horario titorías: Despacho: Departamento de Escenografía Contacto: arteaga@edu.xunta.gal
DESCRICIÓN	Práctica avanzada da creación teatral destinada a sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a experiencia da representación, as aprendizaxes de linguaxes, procedementos e saberes adquiridos, para transmitir ao/á espectador/a as sensacións, emocións e o sentido da creación escénica. Coñecementos e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado e do método de traballo utilizado.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ao ser una materia de cuarto curso enténdese a conveniencia de ter superadas as disciplinas dos tres anos anteriores (Espazo Escénico e Obradoiro), xa que a presente require aplicar todas as competencias e coñecementos adquiridos en cursos anteriores.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>



2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e críticamente ideas e argumentos.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACION	
X3	Potenciar otenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos, mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo, asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos adecuados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECIFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e os ódigos que participan na representación.
EE3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo

	pertinente.
EE5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Optimizar o traballo en equipo e avaliar a actividade das distintas especialidades implicadas na creación da posta en escena.	T1,T3,T7,T8 ,X3,X5, X6, EE3,EE2, EE5
2. Coherencia plástica e visual entre escenografía, traxes e iluminación, en relación coa proposta dramática e de dirección	T2,T7,X4,EE1,EE2,EE3,EE5
3. Cumprir o plan de produción establecido.	T1,T3,X6, EE3
4. Guía, coordinar e xestionar o equipo de traballo desde o inicio dos ensaios ata a presentación pública.	T1,T3,T8, EE3
5.Coñecer e xestionar materiais e ferramentas.	T3,X5,X6, EE3,
6.Relacionar a teoría coa práctica.	T1,T3,X5, X6 EE3,X5,X6
7.Tratar con autonomía e creatividade a resolución de problemas técnicos e construtivos.	T1, T3,X5, X6 EE3, EE5, EE2
8.Tomar as decisións relevantes en cada unha das fases do traballo.	T1, T3,X5, X6 EE3, EE5, EE2
9.Comunicar ideas por procedementos gráficos e manuais.	EE2

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIONS

1. Presentación de documentación de proxecto.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Planos de implantación. 2. Planos de construción e de detalle. 3. Figurinos. 4. Deseños técnicos de vestiario. 5. Plano de luces. 6. Maqueta. 	6
2. Plan de traballo de ensaios.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Cronograma de traballo, periodización. 2. Fases e procedementos: <i>planning</i>, requirimentos técnicos e construción: 3. <i>Escenografía (listado de materiais por pezas, fases e construción)</i> 4. <i>Vestiario e caracterización, selección de téxtiles e prendas, elaboración.</i> 5. <i>Iluminación.</i> 6. <i>Son.</i> 7. Fase de produción: dispoñibilidade das aulas e ferramentas. 8. Elaboración de listas de atrezzo e de vestiario. 	50
3. Traballo de ensaios.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Revisión e actualización de listas de atrezzo e vestiario. 2. Análise do movemento escénico: relación dos actores cos elementos escenográficos. 3. Probas de vestiario e caracterización, axustes e proposta final. 4. Probas de iluminación, axustes e proposta final. 5. Probas de son, axustes e proposta final. 6. Ambientación, imitación de materiais e acabados. 	50
4. Plan de montaxe en sala.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Montaxe de iluminación e audiovisuais. 2. Montaxe de escenografía. 3. Montaxe de son. 4. Visionado de vestiario en sala. 	10
5. Materiais para a recepción	<ol style="list-style-type: none"> 1. Programa de man. 2. Materiais didácticos e divulgativos. 3. Actividades diversas arredor do obradoiro (debates, exposicións, promoción...) 	10

6. Avaliación crítica.	1. Valoración crítica do resultado artístico acadado. 2. Valoración crítica da recepción	8
7. Rexistro, documentación e memoria final .	1. Organización e xestión de materiais documentais do espectáculo. 2. Memoria do espectáculo en conxunción co resto de participantes do equipo técnico-artístico.	10
8. Postproducción.	1. Desmontaxe 2. Catalogación de escenografía, utilería e vestiario. 3. Transporte e almacenamento. 4. Conservación.	6
TOTAL SESIÓN		150

5. PLANIFICACION DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	12		12
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	5	25	30
Práctica individual		100	100
Práctica colectiva	100		100
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		15	50
Outros		10	10
Titorías individuais	13		10
Titorías de grupo			

Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión	20		20
TOTAL	150	150	300
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACION DOCENTE E METODOLOXIAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como presentar a disciplina.
Presentacións/exposicións de materiais documentais	Aplicación dos materiais documentais aproveitables para a escenificación e interpretación do proxecto.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante o exercicio de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da disciplina.
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da disciplina, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.
Traballos de aula	Desenvolvemento de prácticas específicas na aula baixo a supervisión do profesor.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno debe desenvolver a análise e resolución de problemas e ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas	Realización de actividades que permiten a integración de diversas disciplinas, e, enfrontan os alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da disciplina e adestrar entre outras as capacidades de cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Titorías de grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co/a profesor/a da disciplina para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da disciplina e do proceso de Aprendizaxe.

<p>Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simulada:</p> <p>Práctica escénica de construción, montaxe e desmontaxe e probas en ensaios.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Adaptación da proposta de deseño á parte práctica (escenografía, vestuario, iluminación, videoescena) 2. Practicas en asistencia a ensaios. 3. Coordinación do traballo de produción. 4. Proceso relacional co equipo. 	T1,T3,T7,T8,X3, EE1, EE2,EE3,EE5	30%
<p>Mostra: representación escénica: adecuación á posta en escena, Cumprimento de tempos e requirimentos do plan de produción e de posprodución.</p>	T1, X3,X5, EE1, EE2,EE3, EE5	30%
<p>Asistencia e participación en clase: integración, colaboración co equipo técnico-artístico mediante rexistro de ditas reunións e asistencia a ensaios.</p>	X3, X5, EE3.	10%
Total		100%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Cartafol/memoria de aula:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Informe/memorias de prácticas/diario: 70% <p>Memoria teórica e dossier onde se recollan as dedecisións e adaptacións pertinentes do suposto práctico.</p> <ol style="list-style-type: none"> 2. Deseño ou realización de proxectos: 30% <p>Cademo de traballo/campo cas anotacións sobre os avances do suposto de parte práctica do proxecto.</p>	T1,T3,T7,T8,X3,X5, EE1, EE2,EE3,EE5	100%

As persoas que perdan a avaliación ordinaria deberán poñerse en contacto co equipo docente, para coñecer as premisas necesarias para a superación da materia, de non ser así non serán avaliados/as.

Realizarase un traballo que debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, restando o contido práctico, de execución e que dependen da integración ou da posta en práctica. O proxecto contempla unha adaptación dos puntos prácticos á elaboración dun proxecto textual e gráfico do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira. As partes practicas que non se poidan realizar se avaliarán ca entrega dun suposto escrito.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Cartafol/memoria de aula:</p> <p>1. Informe/memorias de prácticas/diario: 70% Memoria teórica e dossier onde se recollan as dedecisións e adaptacións pertinentes do suposto práctico.</p> <p>2. Deseño ou realización de proxectos: 30%</p> <p>Cademo de traballo/campo cas anotacións sobre os avances do suposto de parte práctica do proxecto.</p>	T1,T3,T7,T8,X3,X5, EE1, EE2,EE3,EE5	100%

As persoas que perdan a avaliación ordinaria deberán poñerse en contacto co equipo docente, para coñecer as premisas necesarias para a superación da materia, de non ser así non serán avaliados/as.

Realizarase un traballo que debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, restando o contido práctico, de execución e que dependen da integración ou da posta en práctica. O proxecto contempla unha adaptación dos puntos prácticos á elaboración dun proxecto textual e gráfico do proceso completo de creación e construción escenográfica para un espectáculo, desde a concepción ata a representación, integrando os saberes e procedementos adquiridos durante toda a carreira. As partes practicas que non se poidan realizar se avaliarán ca entrega dun suposto escrito.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS



REFERENCIAS BÁSICAS

As derivadas do proxecto e:

- HOWARD, Pamela: *Escenografía (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2004.
- LABRA, José María: *Regiduría, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2008.
- LAVER, James: *Breve historia del traje y la moda*, Cátedra, Madrid, 1989.
- LÓPEZ DE GUEREÑO, Javier: *Decorados y Tramoya, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2003.
- MORENO, JUAN C., y LINARES, CÉSAR: *Iluminación, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2000.
- PRUNER, Michel: *A fábrica do teatro (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005.
- RACINET, Albert: *Historia del vestido*, Libsa Editorial S.A., Madrid, 2000.
- RINALDI, MAURICIO, *Diseño de iluminación teatral*, editorial Dunken, Buenos Aires, segunda edición: 2006. ISBN-10: 987-02-2121-1, ISBN-13: 978-987-02-2121-0
- SIRLIN, ELI, *La luz en el teatro. Manual de iluminación*, Instituto Nacional del Teatro, Buenos Aires, 2005. ISBN: 987- 943-33-5
- VALENTÍN-GAMAZO GARMENDIA, Teresa: *Gestión, producción y marketing teatral, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 1998.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso o profesor engadirá referencias bibliográficas segundo os temas vistos na aula e as especificidades do proxecto a realizar.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

Os traballos teóricos deberán entregarse seguindo as normas APA e o documento para a elaboración de traballos escritos do departamento de Calidade da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Para ser avaliado nesta disciplina é necesario ter superadas as disciplinas anteriores co mesmo nome.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento establecido no calendario lectivo anual.

Os procedementos de atención á diversidade incluíranse na programación didáctica anual.